



Real Federación
Española
de Balonmano

REGULAMENTO DE PARTIDOS E COMPETICIÓN

Área: Comité Arbitral

Circular nº 13 - Temp. 23/24

ARTIGO 178

O equipo arbitral do encontro ten a obriga de facer constar no acta aquelas protestas ou denuncias formuladas polos oficiais responsables de calquera de ambos equipos participantes, que se refiran á situación legal dos xogadores/as, mal estado ou deficiencias do terreo de xogo, marcaxe do mesmo, conduta do público, resultado definitivo do encontro, etc..

Os/as árbitros/as procederán a incorporar ó acta ditas manifestacións de maneira clara pero concisa, incluíndo, se o estiman pertinente, a súa apreciación respecto da protesta ou denuncia formuladas.

ARTIGO 173

Os/as colexiados/as do encontro deberán descargarse e imprimir o preacta do encontro que lles corresponda dirixir cada xornada, onde aparecerán todas as persoas tanto da cota principal como adicional (convidados) que están validados en cada equipo. Por iso, deberán sacar o preacta da aplicación informática desta FGBM, o máis próximo posible á data e hora establecida para a celebración do encontro.

Nos casos nos que unha persoa non apareza na preacta ou na acta dixital antes do inicio do encontro, non poderá ser aliñado.

ARTIGO 114

En todas as competicións estatais de categoría cadete e infantil feminina e masculina, xa sexa por clubs ou seleccións territoriais, cando un equipo consiga unha diferenza de trinta (30) goles, darase por finalizado o encontro co resultado que exista ese momento. O tempo de xogo que quede seguirase disputando sen incidencias no acta nin valor clasificatorio, non contabilizándose nin os goles nin o resultado que se produza neste tempo. Soamente terase en conta a sanción disciplinaria que se producise con anterioridade e, en caso de descualificación ou expulsión, será remitido ao Comité Territorial/Nacional de Competición.

O partido renovarase con saque de centro para o equipo que encaixase o último gol.



En Vigo a 29 de setembro de 2023